

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SOUTOMAIOR

Ordenanzas e Regamentos

APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA REGULADORA DE PRÉSTAMO BIOTRITURADORAS A PARTICULARES DA XESTIÓN DA BIOMASA DOMICILIARIA

ANUNCIO

Ao non haberse presentado reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario de data inicial aprobatorio da “Ordenanza municipal reguladora de préstamo biotrituradoras a particulares para xestión da biomasa domiciliaria”, cuxo texto íntegro se fai público, para o seu xeral coñecemento e en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

ORDENANZA REGULADORA DO PRÉSTAMO DE BIOTRITURADORAS A PARTICULARES PARA XESTIÓN DA BIOMASA DOMICILIARIA»

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º. Obxecto

O presente regulamento ten por obxecto establecer as normas ás que deberá axustarse o préstamo de biotrituradoras propiedade do concello, determinando os dereitos, obrigas e réxime de infraccións e sancións.

O Concello de Soutomaior, vai poñer a disposición da veciñanza este servizo, fomentando unha correcta xestión dos residuos de orixe vexetal xerados no ámbito municipal, contribuíndo así o triple obxectivo:

- Evitar que estes residuos rematen no circuíto de recollida do lixo, co conseguinte custe asociado.
- Obter un produto directamente empregable, ben en forma de acolchado nos cultivos, ben de forma complementaria en procesos de compostaxe como material estruturante.
- Reducir os riscos de incendio, evitando as queimas.

Artigo 2º. Ámbito do Servizo

O ámbito do servizo queda circunscrito ó uso da maquinaria dentro dos límites do Concello de Soutomaior.



Artigo 3º. Fundamento Legal

O Concello de Soutomaior, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades ambientais e a mellorar a calidade de vida.

O concello na súa calidade de Administración pública de carácter territorial e dentro da esfera das súas competencias, exercita a potestade regulamentaria que lle atribúe o artigo 4.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 22.2.d); 25.2. b) e f) ;139-141 do citado corpo legal e artigo 33 do Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.

Artigo 4º. Potestades

Nas materias obxecto deste Regulamento, esta Entidade local, ostenta cantas potestades lle confire o artigo 4 da Lei reguladora das Bases de Réxime Local e demais normativa aplicable, incluídas as potestades de inspección e sancionadora.

*CAPÍTULO II. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO SERVIZO***Artigo 5º. Características do Sistema de Préstamo de Biotrituradoras**

O sistema está composto, de menor a maior capacidade de trituración, por biotrituradoras eléctricas, ubicadas nas dependencias do Concello de Soutomaior, onde poderán ser recollidas polas persoas usuarias polos seus propios medios, ou ven repartidas por medios do propio concello de Soutomaior. Unha vez rematado o prazo de préstamo serán devoltas ó mesmo lugar.

Artigo 6º. Emprazamento da maquinaria

O emprazamento da maquinaria será nos almacéns de subministro do Concello de Soutomaior.

Artigo 7º. Usuari@s do servizo

Poderán ser usuari@s do servizo municipal de préstamo de trituradoras, tódalas persoas maiores de idade, empadroadas no concello de Soutomaior, que se den de alta no servizo, e que se atopen ao corrente nas súas obrigas tributarias co mesmo.

@s solicitantes serán persoas físicas, e o emprego será sempre no ámbito privado domiciliario, non podendo ser utilizado o material con ánimo de lucro.

Artigo 8º. Alta no servizo e presentación de solicitudes de particulares

Toda persoa que pretenda empregar o servizo municipal de trituración deberá previamente darse de alta no servizo, o que implicará a realización dun cursillo previo de funcionamento da maquinaria.



Luns, 26 de outubro de 2020

Núm. 206

Unha vez realizado o cursillo de emprego da maquinaria, se solicitarán as biotrituradoras mediante a presentación dunha solicitude mediante un modelo dispoñible no rexistro municipal ou a través da paxina web do concello.

O escrito constará de:

- ANEXO DE SOLICITUDE.
- XUSTIFICANTE DE CAPACITACIÓN PARA O EMPREGO DE MICROTRITURADORAS DO CONCELLO DE SOUTOMAIOR (Realización do curso).

O concello procederá á tramitación da solicitude e se considera que a mesma cumpre cos requisitos fixados nesta ordenanza e na lexislación aplicable procederá a ditar resolución motivada sobre o seu préstamo por decreto de Alcaldía.

No caso de non cumprirse os requisitos establecidos na ordenanza, procederase a denegación da petición mediante resolución ditada pola Alcaldía.

A solicitude deberá ser presentada, polo menos, cunha semana de antelación ao día que pretende retirar a trituradora. Si existen varias solicitudes ao mesmo tempo atenderase a petición por orde de entrada no rexistro.

Artigo 9º. Funcionamento do Servizo Municipal de Préstamo de Biotrituradoras

Para recoller a biotrituradora @ usuari@ deberá poñerse en contacto alomenos cun día de antelación e comunicar persoalmente no concello o día e a hora na que se efectuará a retirada.

O horario do servizo será de luns a venres de 08:00 a 14:30 h.

Para retirar a biotrituradora, deberá cubrirese un impreso/recibo onde se indicará o nome da persoa usuaria rexistrada, o día que se fai entrega da maquinaria e o día no que se traerá de volta ás dependencias municipais (o préstamo non poderá exceder dunha semana).

O material a entregar coa máquina será:

cable extensor de 25 metros.

gafas de protección.

auriculares de protección.

Artigo 10º. Condicións de Utilización

- O emprego das trituradoras límitase a persoas físicas, para uso particular e privado, sempre dentro dos límites territoriais do concello, sendo a persoa usuaria a responsable a tódolos efectos do seu manexo, transporte e as súas consecuencias.
- Para obter en préstamo a maquinaria deberase estar en posesión da capacitación expedida pol@s operari@s ou técnic@s do concello habilitad@s ao efecto, para o modelo en concreto obxecto do préstamo, e deberase entregar, perfectamente revisada, coa súa ficha de emprego que deberá acompañar sempre a máquina. (Curso previo o préstamo da maquinaria).



- A duración do préstamo límtase, como máximo a unha semana (7 días) incluíndo no cómputo, sábados, domingos e festivos. Cando o período de préstamo expire fora do horario do servizo, a maquinaria entregárase no horario de apertura do servizo máis próximo.
- Entre dous períodos de préstamo consecutivos, deberá pasar alomenos unha semana.
- Na devolución da maquinaria, farase unha breve revisión dos seus compoñentes, e verificarase o correcto funcionamento, sendo responsable do mesmo a persoa usuaria que está a utilizar a máquina, ata a aceptación da devolución pola administración.

CAPÍTULO III. DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS USUARIAS

Artigo 11º. Dereitos

- Toda a veciñanza ten dereito a alta no servizo, cumprindo as condicións establecidas en artigos anteriores.
- Toda a veciñanza ten dereito o emprego da maquinaria no ámbito privado, dentro dos límites do Concello de Soutomaior.

Artigo 12º. OBRIGAS

- Toda persoa usuaria do servizo está obrigada a un correcto uso da maquinaria en préstamo.
- Toda persoa usuaria do servizo está obrigado ao cumprimento das normas establecidas na presente ordenanza.
- Toda persoa usuaria deberá respectar en todo momento estas normas, sen prexuízo do cumprimento doutros regulamentos, normas, e lexislación vixente que afecte ao emprego desta maquinaria ou as consecuencias da súa utilización.
- Serán de obrigado cumprimento as indicacións ofrecidas polo persoal responsable do servizo do concello no tocante ao mantemento e correcto funcionamento da máquina.
- Será obrigatorio o emprego do material de protección persoal indicado na capacitación para o emprego do modelo en préstamo.
- Así mesmo serán tamén obrigadas as medidas de seguridade e de protección, indicadas na capacitación, no emprego do modelo de trituradura en préstamo.
- Calquera incidente, ocorrido durante o emprego da maquinaria, deberá ser comunicado ós teléfonos facilitados polo concello, na maior brevidade posible.
- A persoa usuaria responderá de calquera dano que se cause a unha terceira persoa polo uso da maquinaria.
- A persoa usuaria responderá de calquera dano que cause na maquinaria.



- A persoa usuaria será responsable do correcto uso da maquinaria e da adopción das medidas de seguridade que fosen precisas para evitar danos propios a terceiras persoas.

Artigo 13º. Prohibicións

- Prohíbese o emprego da maquinaria fora dos límites territoriais do concello.
- Prohíbese á persoa usuaria o préstamo, aluguer, cesión ou calquera disposición da maquinaria ou accesorios a favor de terceiras persoas.
- Prohíbese o emprego da maquinaria en limpeza de restos de talas forestais.
- Prohíbese a introdución de elementos distintos a os indicados para o emprego da maquinaria, a saber, ramas procedentes de podas de froiteiras, viña, árbores ornamentais, restos de xardinaría e horta.
- A introdución de restos vexetais que superen o grosor ou diámetro ou forma admitidos pola máquina.
- Prohíbese a desmontaxe ou manipulación da maquinaria, excepto aquelas accións indispensables, indicadas na capacitación, ou no libro da máquina, destinadas ao correcto funcionamento da mesma, ou o seu transporte.

Artigo 14º. Obrigas en caso de furto ou roubo

- Efectuar a correspondente denuncia na policía.
- Comunicar telefonicamente ao Concello de Soutomaior e presentar copia da denuncia no Concello de Soutomaior.
- No caso de non presentar denuncia, considerarase a inhabilitación definitiva no servizo, sen prexuízo de aplicarse o réxime sancionador correspondente.

*CAPÍTULO IV. RÉXIME SANCIONADOR***Artigo 15. Principios xerais**

Será infracción administrativa o incumprimento das obrigas, prohibicións e requisitos establecidos na presente Ordenanza. O réxime sancionador deste Regulamento réxese polos principios contidos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normativa de desenvolvemento.

Así mesmo, serán de aplicación as disposicións contidas no Título XI da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.



Artigo 16. Clasificación das infraccións

As infraccións clasifícaranse como leves, graves ou moi graves, sen prexuízo de que todo incumprimento disposto nesta ordenanza, constitúe unha infracción da mesma, quedando a consideración do concello a súa clasificación como leve, grave ou moi grave, e a conveniencia ou non da súa sanción e os termos da mesma, no ámbito das súas competencias.

INFRACCIÓNS LEVES

Serán leves as seguintes infraccións:

- O retraso na devolución da maquinaria non debida a causas xustificadas.
- Non respectar as tarefas mínimas de limpeza, e conservación e mantemento da máquina.

INFRACCIÓNS GRAVES

Serán graves as seguintes infraccións:

- O emprego da maquinaria fora dos ámbitos establecidos para o seu emprego (horta e xardinería).
- O préstamo ou cesión a terceiras persoas.
- O manexo por persoas distintas da persoa titular do préstamo.
- Producir danos na máquina por un uso incorrecto da mesma, sen prexuízo de ter que asumir os gastos debidos a súa reparación.
- Uso incorrecto da maquinaria que dé lugar a risco en bens ou en persoas.
- Non coidado axeitado da maquinaria no seu uso, transporte ou devolución, que provocasen danos na mesma.
- A reiteración na comisión de dúas faltas leves.

INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Serán infraccións moi graves:

- O emprego da maquinaria con fins de lucro, estando expresamente prohibido o seu aluguer, venda ou emprego con fins comerciais, ou diferentes dos especificados para cada máquina.
- Non realizar denuncia no suposto de roubo.
- A reiteración na comisión de dúas faltas graves no período de doce meses.
- Perda da maquinaria ou non devolución da mesma.
- Non coidado axeitado da maquinaria no seu uso, transporte ou devolución, que provocasen danos graves na mesma.



Luns, 26 de outubro de 2020

Núm. 206

Artigo 17. Sancións

As infraccións o presente regulamento darán lugar as seguintes sancións, sen prexuízo doutras sancións que poida interpoñer o concello destinadas a sufragar posibles desperfectos ou outros:

- As faltas leves sancionaranse con penalizacións de suspensión temporal dun mes da persoa usuaria do servizo, e/ou multa de 60€.
- As faltas graves sancionaranse con multa de 61€ a 300€ e/ou suspensión temporal de un a seis meses da persoa usuaria no servizo.
- As faltas moi graves sancionaranse con multa dende os 301 € en adiante, e/ou a suspensión temporal da persoa usuaria do servizo de seis meses a baixa definitiva do servizo.

Artigo 18. Potestade sancionadora

O exercicio da potestade sancionadora prevista nesta Ordenanza, corresponde, á Alcaldía do Concello de Soutomaior, con arranxo ao disposto nos artigos 21.1. n) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, na redacción dada á mesma pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, sen prexuízo da posibilidade de delegar o exercicio da devandita atribución.

DISPOSICIÓN FINAL ÚNICA

Para todo o non regulado expresamente na presente ordenanza estarase ao disposto na normativa xeral aplicable a cada caso.

ENTRADA EN VIGOR

Esta Ordenanza entrará en vigor, unha vez aprobada definitivamente, e convenientemente publicada no Boletín Oficial da Provincia, unha vez transcorrido o prazo ao cal se refire o art. 65.2 en relación con o 70.2 de a Lei 7/1985, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Soutomaior, 20 outubro de 2020.

O ALCALDE,

Agustín Reguera Ocampo

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WBWH22D042S8NEMN



Luns, 26 de outubro de 2020

Núm. 206

ANEXO I**SOLICITUDE PRÉSTAMO BIOTRITURADORA****SOLICITANTE:**

Nome:	CIF/NIF:
Enderezo:	C:P:
	Teléfono:
Municipio / Provincia:	E-mail:

REPRESENTANTE:

Nome:	CIF/NIF:
Enderezo:	C.P.:
	Teléfono:
Municipio/Provincia:	E-mail:

Descrición das tarefas a realizar (podas domésticas, etc.):

OBXECTO

DECLARA BAIXO A SÚA EXCLUSIVA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesta en todo caso:

- Que é maior de idade.
- Que se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias.
- Que se atopa dado de alta no servizo ou en caso de non estalo solicita a alta
- Que o emprego das biotrituradoras será no ámbito privado.
- Que é o responsable a todos os efectos do seu manexo, transporte e as súas consecuencias, incluíndo os danos ocasionados a terceiros.
- Que está en posesión da capacitación expedida polos operarios ou técnicos do concello habilitados ao efecto para o modelo en concreto obxecto do préstamo.
- Que cumprirá coas condicións de utilización e as obrigas dos usuarios.

Soutomaior , a de de 202

SINATURA DO SOLICITANTE

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:WBWH22D042S8NEMN



Luns, 26 de outubro de 2020

Núm. 206

DOCUMENTACION A PRESENTAR:

- Fotocopia D.N.I., N.I.E. no caso de presentación por representante copia do seu D.N.I.
- Xustificante de capacitación para o uso de biotrituradoras.

INFORMACIÓN:

_ Maquinaria solicitada:

Biotrituradora eléctrica Benza ☐Bio 40E-1: ☐Biotrituradora eléctrica Benza ☐Bio 40E-2: ☐

Biotrituradora eléctrica Honda

Bio 3000-1:

Biotrituradora eléctrica Honda

Bio 3000-2:

Biotrituradora eléctrica Honda ☐

Bio 3000-3:

Data saída:_____ Data entrada:_____

FORMULARIO DE DEVOLUCIÓN (a cubrir pola administración):

	☐	☐
<i>Desperfectos:</i>	<i>Si</i>	<i>Non</i>
<i>Devolución no tempo establecido:</i>	<i>Si</i>	<i>Non</i>

Observacións no caso dalgunha incidencia:

SINATURA

Luns, 26 de outubro de 2020

Núm. 206

POLÍTICA DE PRIVACIDADE INFORMACIÓN ADICIONAL (LEXITIMACIÓN ART. 6.1.E REGULAMENTO XERAL DE PROTECCIÓN DE DATOS INTERESE PÚBLICO)

> Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?

Responsable

Identidade: Concello de Soutomaior [P3605300G]
Dirección Postal: Alexandre Boveda, 8. Soutomaior. 36691 Pontevedra
Teléfono: 986705106Correo electrónico: oficinas@soutomaior.comDelegado de Protección de Datos
Datos de contacto: Trámite electrónico (pode consultar por nome de trámite na seguinte url: <http://soutomaior.sedelectronica.es/dossier>)Formulario de Contacto co Delegado de Protección de Datos
Correo postal: Rexistro Xeral. Alexandre Boveda, 8. Soutomaior. 36691 Pontevedra> Con que finalidade tratamos os seus datos?
Nesta Entidade tratamos a información obtida coa finalidade de poder tramitar os expedientes administrativos e as actuacións derivadas deles.> Por canto tempo conservaremos os seus datos?
Almacenamos os datos durante o tempo necesario para poder cumprir coas obrigación legais que encomenda a normativa administrativa, e sempre, cumprindo polo menos co tempo mínimo de conservación da información. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e documentación.

> Existencia de decisións automatizadas?

Esta Entidade pode tomar decisións automatizadas baseadas na cobertura legal que lle outorga o artigo 41 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Sería calquera acto ou actuación realizada integramente a través de medios electrónicos no marco dun procedemento administrativo e na que non interveña de forma directa una persoa. Deberá de regularse a toma de decisións automatizadas nunha normativa propia, definindo na mesma as especificacións, programación, mantemento, supervisión e control de calidade. Dita normativa estará a disposición dos cidadáns na sede electrónica desta Entidade.

> Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos persoais?
A base legal para o tratamento dos seus datos é o cumprimento dunha misión que é realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común.> A que destinatarios se comunicarán os seus datos?
Os datos comunicaranse a outras Administracións Públicas sempre que sexa necesario para cumprir cos fins enumerados anteriormente, sempre que exista normativa legal que o ampare.> Cales son os seus dereitos en relación cos datos facilitados?
Os interesados teñen para iso deberán de solicitalo ao responsable, o cal deberá de suspender o tratamento do dereito á limitación do tratamento, datos cando os cidadáns soliciten a rectificación ou supresión dos seus datos, ata que se resolva a súa solicitude. Os interesados poderán exercer o (dereito ao esquecemento) sempre que se dean as circunstancias enumeradas no RGPD. dereito de supresión
O afectado pode exercer o ao tratamento, sempre por motivos relacionados coa súa situación persoal, coa excepción do dereito a obter información que se acredite un interese lexítimo, ou sexa necesario para o exercicio ou defensa de reclamacións. Igualmente, cando o tratamento teña por obxecto a mercadotecnia directa. O interesado terá a obter os datos nun formato estruturado, de uso común e de lectura mecánica, e a transmitilos a outro responsable do dereito á portabilidade tratamento cando o tratamento estea baseado no consentimento ou se efectúe por medios automatizados. Os interesados poderán exercer os dereitos enumerados nos parágrafos anteriores, a través dos formularios dispoñibles na sede electrónica desta entidade ou remitindo á mesma un escrito por correo postal.Calquera persoa ten dereito a obter información sobre se nesta Entidade se están tratando os seus datos persoais ou non. As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, o prazo de conservación dos seus datos, mesmo a obter una copia dos datos obxecto do tratamento. Así mesmo, ten dereito de rectificación dos datos se son inexactos. (Por exemplo, pode solicitar una rectificación do seu domicilio, un cambio de nome, etc.) Trámite electrónico (pode consultar por nome de trámite na seguinte url: <http://soutomaior.sedelectronica.es/dossier>)> Cando pode exercer o dereito de reclamación ante a Autoridade de Control?
Poderá presentar reclamación ante a Autoridade de Control en materia de Protección de Datos competente, especialmente cando non obteña satisfacción no exercicio dos seus dereitos, mediante escrito dirixido á Axencia Española de Protección de Datos, C/Jorge Juan núm. 6, 28001 Madrid ou ben accedendo á súa sede electrónica: <https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/>

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación: WBWH22D042S8NEMN

